MANUEL QUIROGA LOSADA (1892-1961)

E Sabela Santos Filgueira. *Responsable da Unidade de Educación do Museo de Pontevedra*

Se nos achegamos á segunda planta do Edificio Castelao no Museo de Pontevedra atoparémonos (no tránsito cara ás últimas salas dedicadas a Castelao) cunha serie de retratos realizados por diferentes artistas como Fernández Mazas, Laxeiro, Álvaro Cebreiro, Xesús Corredoira, Carlos Sobrino, Castelao, Valentín de Zubiaurre, os escultores Francisco Asorey ou Aronson (escultor que tamén realizou o busto de Beethoven, Rasputín, Tolstoi ou Lenin) todos eles están dedicados a unha única figura de hieratismo e atractivos sobresaíntes. Estes artistas, e moitos outros que non mencionamos, dedícanlle caricaturas, retratos e bustos ao que quizais fose un dos mellores violinistas que nunca dese Galicia en toda a súa historia: Manuel Quiroga Losada (1892-1961)

O motivo polo cal hoxe o lembramos é un desexo tan simple como o de dedicarlle unhas poucas palabras que desempoen esa pequena pátina de esquecemento que ás veces envolve aos nosos antepasados.

Manuel Quiroga Losada nace na cidade de Pontevedra en 1892. Non sabemos se foi parente do fundador da Sociedade Coral Polifónica de Pontevedra e fundador tamén do Museo de Pontevedra, Antón Losada Diéguez, persoa que o motiva e anima a continuar pola carreira das artes como así fixo con outros moitos rapaces nos seus anos mozos. Anos nos que un Quiroga novo asistía aos faladoiros organizados polas irmás Mendoza Babiano (Bará, 2014) no seu palacete situado na Avenida de Santa María, polo que pasaran Pablo Sarasate, o violinista ourensán Fernández Bordas ou o pianista Carlos Sobrino (Otero Urtaza, Cambeiro Alís, & De San Ildefonso, 2011). Aqueles inicios xa auguraban un prometedor futuro rodeado de todo este aire culto, burgués e distinguido.

Autorretrato, 1930. Museo de Pontevedra

A vida de Quiroga, como xa se repetiu en innumerables ocasións, é digna de facer unha película, novela ou serie. Galego universal cun pasado que ben debería figurar no Olimpo das estrelas. Unha vida colmada de anécdotas, dise que coñeceu en París ao asasino de Rasputín. Que estivo preso por ser confundido cun espía en Austria e que foi liberado grazas á intercesión do rei Alfonso XIII, ao que admiraba fondamente. Curiosamente con tan só 14 anos presenciou o atentado perpetrado contra el, polo anarquista Mateo Morral o día da súa voda con Victoria Eugenia e que matou a 28 persoas, do que Quiroga se librou milagrosamente. Atribúenselle amizades tan interesantes como a mantida con excelentes pintores como Zuloaga ou Joaquín Sorolla (a pintura será outra das súas grandes afeccións) e con innumerables músicos e compositores por exemplo con Enrique Granados, morto de maneira tráxica por mor do torpedo dun submarino alemán na Canle da Mancha.

Manuel Quiroga así como tocou o ceo, tamén caeu aos avernos por mor dun accidente, padecendo posteriormente as inclemencias dunha cruel enfermidade.

Nos seus inicios, tras o seu paso por Madrid como discípulo de José del Hierro, unha muller en París é a que o acolle, o consente, o coida, o protexe e o lanza á fama. "Cousas da vida" esta muller é a que quedará sepultada no esquecemento, Marta Leman, é curioso que no momento máis álxido da súa carreira, cando Quiroga percorre medio mundo co seu violín, ela desapareza. Muller que sacrifica a súa carreira profesional como solista para ser a parella artística do violinista galego, sempre manténdose nun segundo plano, a pesar de gañar, como el, o Primeiro Premio do Conservatorio de París en 1902, no seu caso de piano.

Marta Leman é a persoa que realmente pasa ao esquecemento en canto o seu querido Manolo se colma de gloria. En moitas das biografías que sobre Manuel Quiroga se escribiron, é curioso como a Leman desaparece e non se volve a mencionar. A pianista francesa ben merecería un recoñecemento. Non sabemos se realmente a súa vida continuou con normalidade, se morreu na Segunda Guerra Mundial ou se quedou melancolicamente recluída para sempre no seu piso de París.

Ambos contraeron matrimonio na cidade da luz en 1915, en pleno auxe do seu imparable ascenso. Grazas a ela, cando Quiroga contaba con 19 anos, consegue entrar no Conservatorio de París en 1911 e superar as probas de acceso competindo con outros 43 violinistas, sendo o primeiro violinista español que o consegue tras Pablo Sarasate (Otero Urtaza, *Manuel Quiroga, un violín olvidado*, 1992). Este logro, como moitos outros, non os tería conseguido sen a inestimable axuda de Marta. Durante o verán de 1910 Manuel caera enfermo. Nese momento estaba recentemente instalado en París, vivindo nunha bufarda pequena, fría e húmida, pasando fame e penurias, acaba caendo enfermo e será precisamente a familia Leman quen o acolla na súa casa como convidado as comidas e amenos faladoiros que organizaban, incluso pasando tempadas de verán en casa dos amigos destes. Ese mesmo ano debuta na súa terra natal con Enrique Granados acompañándoo ao piano, éxito garantido.

Marta Leman, Ca. 1919, foto J. Pintos. Museo de Pontevedra



Violín de Manuel Quiroga. Anónimo, 1880-1916. Museo de Pontevedra

Tras o estalido da Primeira Guerra Mundial, Quiroga aventúrase coa súa xira americana, comezando esta nun multitudinario concerto no Hipódromo de Nova York. Supón o inicio dunha carreira fulgurante. Durante catro anos seguidos o alcance da súa fama e popularidade é tan inmensa que se chegan ata a vender perfumes, gravatas, cigarros, xeados e mesmo se bautiza a un cóctel co seu nome, *merchandising* ao puro estilo americano.

Mentres, en Galicia, todos os seus paisanos queren renderlle honras. Entre 1918 e 1919 recibe inmensas loas e homenaxes, Valle-Inclán dedícalle un poema, "Del celta es la victoria", Antón Vilar Ponche e Gerardo Álvarez Limeses tamén lle dedican unhas palabras. Na prensa galega son innumerables os artigos e cabeceiras de xornais que encomian as destrezas do violinista galego. O Museo de Pontevedra conserva unha fotografía de 1919, na que aparecen en primeiro termo Quiroga e a escultura realizada polo seu amigo Francisco Asorey, que se asoma en segundo termo. O xesto de ambos diante do memorable fotógrafo, Ksado, é moi diferente. A pose do noso violinista é a dun auténtico *gentleman*, coa mirada perdida imitando o xesto do rostro do seu retrato pétreo. Asorey mira ao obxectivo desde o fondo da escena coma se nada. A grandiosa escultura entre ambos, á que Otero Túñez cualificou como "a súa gran obra mestra", podería compararse co Dr. Jekyll, presaxio do seu fatal destino. Se me permiten a licenza, esta foto, paréceme absolutamente deliciosa: a fama efémera conxelada grazas ás mans prodixiosas dun escultor que sabe chegar ata o máis profundo da alma, "o escultor da raza" perpetuando ao músico- pintor.



Fotografía Kasado, 1919--Asorey e Quiroga. Museo de Pontevedra

Caricatura de Manuel Quiroga interpretando,
CÁNDIDO FERNÁNDEZ MAZAS (Ca. 1924).
Museo de Pontevedra

Autocaricatura de Manuel Quiroga interpretando, ca. 1918.
Museo de Pontevedra

Non é a miña pretensión narrar aquí as súas xestas musicais, isto xa o fixo Fernando Otero Urtaza en moitos dos magníficos estudos que lle dedicou. No pequeno espazo que o Museo lle dedica, vemos expostas caricaturas e autorretratos que realizou con gran mestría, como xa comentamos, a súa outra gran paixón sería a pintura e especialmente o debuxo. Quiroga sempre fiel a ese inapelable impulso da arte, dicía nunha entrevista concedida a un fotógrafo vigués en 1922 "realmente a arte é o único que existe, o único capaz de redimirnos, porque sabe facer desexable a vida. A arte e un pouco o Amor" (Alonso Otero, 1992).

Cando en Galicia falamos de caricatura, como é lóxico, todos os nosos pensamentos se dirixen cara a Castelao. Traémolo a colación para definir a expresión artística favorita de Quiroga. Castelao dicía: "a caricatura é arte modernísimo, aínda está na lactación, e eu penso que non morrerá xamais" (Rodríguez Castelao, 1917). A gran diferenza entre os debuxos de Castelao e os de Quiroga, é que o primeiro os utiliza como ferramentas para poder cambiar as cousas, Manolo en cambio como arte pola arte. Pero antes ca eles, en Pontevedra, xa destacaban auténticos virtuosos do debuxo: Enrique Campo Sobrino, Mariano Cousiño, Federico Alcoverro, Carmen Babiano Méndez-Núñez, etc, membros da Sociedade Arqueolóxica de Pontevedra que son os responsables de instaurar na cidade do Lérez esta paixón polo debuxo. Sen ningunha dúbida, o noso novísimo Quiroga coñecería o café Méndez Núñez decorado por Federico Alcoverro e o interesante labor dos debuxantes da Sociedade Arqueolóxica no seu traballo Pontevedra Antiga, baixo a supervisión de Casto Sampedro (Tilve Jar).

Manolo en 1907 publica unha serie de caricaturas na revista *Galicia* de Madrid ao puro estilo Bagaría. En 1911 é precisamente o ano que Bagaría maior éxito cultiva instalado en Madrid, ano, no que á súa vez, *Le Monde Musical* publica un artigo titulado "Quiroga, dessinateur humoriste: es también dotado para el dibujo como para la música" (Alonso Otero, 1992). Ambos, tanto Bagaría como Manuel Quiroga, tiñan o talento de sintetizar mediante poucos trazos os rostros e xestos dos seus amigos e coñecidos, conseguindo desta maneira plasmar perfectamente a psicoloxía do retratado. Unha arte tan moderna como difícil de preservar.

Quizais os anos máis prolíficos desta arte no noso músico, serían no período que vai desde 1924 ata 1957. Nos anos corenta realiza moitas caricaturas de músicos e compositores cos que puido chegar a compartir momentos estelares: de Paul Paray, Pau Casals, de Jose Iturbi, de Kreisler, de Delobelle, de Locatelli, Smallens, Andrés Segovia, Toscanini, Manuel de Falla...

De todos os seus autorretratos, chama especialmente a nosa atención o realizado en 1960, pouco antes do seu falecemento. Ben podería tratarse dunha sutil despedida. Entre manchas e riscos de lapis escóndese un rostro envellecido, cuxo medio sorriso tráenos ao recordo os sepulcros dos cabaleiros medievais, sorriso de paz e de nostalxia, co que o noso querido músico se despide deste gran teatro da vida. J

Autorretrato de Manuel Quiroga, 1960. Museo de Pontevedra

Caricatura de Alfred Cortot, (París, 1912). Manuel Quiroga, Museo de Pontevedra

F. Kreisler retratado por Manuel Quiroga,
(Ca.1940). Museo de Pontevedra

Retrato de Straüss, (Ca, 1928). Manuel Quiroga,
Museo de Pontevedra

Bibliografía:

Alonso Otero, M. L. (1992). *Manuel Quiroga Losada.* Pontevedra: Deputación de Pontevedra.

Bará, M. (18 de junio de 2014). Las amantes de Manuel Quiroga. *Diario de Pontevedra.*

Otero Urtaza, F. (1992). *Manuel Quiroga, un violín olvidado.* Pontevedra.

Otero Urtaza, F., Cambeiro Alís, C., & De San Ildefonso, B. (2011). *Manuel Quiroga, da gloria ao esquecemento.* Pontevedra: Deputación de Pontevedra.

Tilve Jar, Á. (s.f.). *Real Academia de la Historia.* Obtenido de https://dbe.rah.es: https://dbe.rah.es/biografias/55877/federico-alcoverro-lopez

Rodríguez Castelao, Alfonso. *Algo acerca de la Caricatura*, 1917. Tipografía Viuda de Landín (Pontevedra)